

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno  
correspondente ao día 21 de outubro de 2025**

Con data vinte e un de outubro do ano dous mil vinte e cinco, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:**

D. Luis Menor Pérez

**Deputados/as:**

D.<sup>a</sup> Marta Novoa Iglesias

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

D. Plácido Álvarez Dobaño

**Secretario:**

D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> María Begoña Álvarez Matos

Non asisten e xustifican a súa ausencia D. Rosendo Luís Fernández Fernández e D.<sup>a</sup> María Teresa Barge Bello.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2025 (Expte. 2025/36K/XGL).**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 14 de outubro de 2025.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 14 de outubro de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA GASTOS DE INVESTIMENTO DE ASOCIACÍONS VECIÑAIS DE OURENSE, CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2025. Importe: 100.000,00 euros. (Expte. 2025/15235M).**

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º) **Dar conta das alegacións presentadas no trámite de audiencia**, sendo estas as seguintes:

1. Asociación Histórica Cultural Rural e Veciñal Paradela de Abeleda, para a actuación *“Equipamento básico local social”* e a Asociación do Barrio do Toural, para o proxecto *“Inversión asociacións veciñais (Equipamento)”*.

As dúas entidades foron excluídas da valoración por non aportar en tempo e forma, o certificado do secretario/a da asociación, na que conste o seu número de socios/as, presentando dito documento no prazo de alegacións.

A este respecto, indícase que a base cuarta 4, dispón expresamente que *“dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación avaliable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa”*.

Neste senso, a aportación do certificado no trámite de audiencia é extemporáneo, polo que non se pode ter en conta e, en consecuencia, a Comisión de Valoración, reafírmase e ratifica o formulado na proposta provisional de resolución do concurso de referencia en relación a estas dúas solicitudes.

2. Asociación de Veciños da Touza, para o proxecto *“Obras accesos local asociación”*: Esta solicitude foi excluída da valoración, por incumprir o disposto na base primeira da convocatoria, presentando orzamento de obra superior a 5.000,00 €.

O alegante manifesta que *“...o presuposto aportado total consta de 3 partidas (barandilla de acero Inox en acceso = 592,90 €, escaleira de madeira con pasamáns e porta = 3.303,30 €, e rematar teito e cierre perimetral = 1.911,80 €); polo tanto, considero que poden terse en conta para a concesión desta subvención as 2 primeiras partidas, o que supón un importe total de: 3.896,20 €. Así, xa se estaría dentro do límite dos 5.000 €”*.

Así mesmo, achega neste prazo, un novo Anexo I (solicitude), modificando datos e diversas facturas.

A este respecto, advírtese que o trámite de audiencia non é para emendar documentación de ningún tipo, nin administrativa nin valorable e, en todo caso, os novos datos implicarían á súa vez, unha modificación da documentación valorable, feito que aparte de tratarse de emenda extempórea, non é permisible nun procedemento de concorrencia competitiva, toda vez que todas as actuacións presentadas son obras e, polo tanto, o proxecto segue sendo superior aos 5.000 euros.

En consecuencia, a Comisión de Valoración, reafírmase e ratifica o formulado na proposta provisional de resolución do concurso de referencia en relación a esta solicitude.

2º) **Aceptar as renuncias** ás propostas de subvencións realizadas pola Comisión de Valoración, presentadas polas seguintes entidades:

- Asociación de MMRR Cruceiro Gordo, G10586006, para o proxecto *“Gastos investimento: obras de mellora do local”*.

- Asociación de MMRR de Feces de Abaixo As Raiotas, G32502353, para o proxecto “Porta de entrada e 2 bombas de aire”.
- Asociación Veciñal Aira Vella, G32167355, para o proxecto “Obra acondicionamento fachada”.
- Asociación de Veciños de Guxinde, G32200206, para o proxecto “Mellora e acondicionamento do local da AAVV de Guxinde”.
- Asociación Veciñal, Cultural e de Maiores O Regueiro, G32477333, para o proxecto “Melloras no novo local”.
- Asociación Veciñal O Teso, G32487720, para o proxecto “Reparación porche entrada e escaleiras, rampa de acceso e canalóns”.
- Asoc. rural de veciños Carabullos de Cádavos, G19439355, para o proxecto “Obras e mobiliario”.

3º) **Desestimar íntegramente as alegacións presentadas polas entidades** Asociación Histórica Cultural Rural e Veciñal Paradela de Abeleda, para a actuación “Equipamento básico local social”; Asociación do Barrio do Toural, para o proxecto “Inversión asociacións veciñais (Equipamento)”; Asociación de Veciños da Touza, para o proxecto “Obras accesos local asociación”, polos motivos indicados na parte expositiva da presente acta.

4º) **Inadmitir a trámite** as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

4.1. Solicitudes para as que se propón a súa inadmisión a trámite por presentar a documentación fora do prazo previsto nas bases:

Nº	SOLICITANTE	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO
1	<b>AAVV San Cosme</b>	O Irixo	G32311284	"Acondicionamiento y equipamiento local asoci. veciños".
2	<b>AAVV parroquial Santa Lucía de Rairo</b>	Ourense	G32014995	Adquisición material sanitario.

4.2. Solicitudes para as que se propón a súa inadmisión a trámite por non emendar as deficiencias existentes na súa solicitude, unha vez transcorrido o prazo de emenda concedido, tendo en conta ademais, a necesidade de presentar a documentación para a tramitación do procedemento de referencia, pola sede electrónica co certificado de representante de persoa xurídica (non de persoa física):

Nº	SOLICITANTE	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO	MOTIVO
1	<b>AAVV de A Quintán - María Eugenia Rodellar.</b>	Entrimo	G32401754	Instalación de servizo necesario de fontanería (auga) no local-forno.	Non presentou a documentación co certificado de representante de persoa xurídica

Nº	SOLICITANTE	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO	MOTIVO
2	<b>AAVV e cultural Touriño do Val. Jose Javier Fraiz López</b>	Ourense	G72981483	Non emendou a documentación administrativa, unha vez requirido formalmente devandito trámite.	Non presentou a documentación co certificado de representante de persoa xurídica.  Ademáis non aportou o certificado de socios
3	<b>AAVV de Sansillao.</b>	<i>Xunqueira de Ambía</i>	G32359291	<i>Mellora espazo comunitario e equipamento local social.</i>	<i>Non emendou a documentación administrativa, faltando ademáis a documentación valorable</i>

5º) **Excluír da valoración** as seguintes solicitudes polos motivos que se indican:

5.1. Por incumprir o disposto na base cuarta da convocatoria, ao non achegar parte da documentación valorable, ó presentala de xeito incompleto, feito que imposibilita a súa valoración:

	SOLICITANTE	CIF	CONCELLO	PROXECTO	MOTIVO
1	<b>Albor</b>	Ourense	G32008468	"Ventanas y sonido".	<b>Non aporta o certificado do secretario/a da asociación, na que conste o seu número de socios/as</b>
2	<b>Asoc. Barrio do Toural</b>	<i>Viana do Bolo</i>	G70790910	<i>Inversión asociacións veciñais (Equipamento).</i>	<b>Non aporta o certificado do secretario/a da asociación, na que conste o seu número de socios/as</b>
3	<b>Asoc. de vecinos San José de Vistahermosa</b>	Ourense	G32133035	<i>Actuacións de reforma en local social.</i>	<b>.Non aporta o certificado do secretario/a da asociación, na que conste o seu número de socios/as.</b>

SOLICITANTE	CIF	CONCELLO	PROXECTO	MOTIVO
4 <b>Asoc. de vecinos amigos de Monterrei - Pereiro</b>	Pereiro de Aguiar	G44669299	Adecuación local social: climatización, electricidade e equipamento audiovisual.	Non aporta a memoria, nin o certificado do secretario/a da asociación, na que conste o seu número de socios/as
5 <b>AAVV da Parroquia de San Mamede da Canda.</b>	Piñor	G3219958	Obras de fontanería.	Non aporta o certificado do secretario/a da asociación, na que conste o seu número de socios/as
6 <b>AAVV parroquial Santa Lucía de Rairo.</b>	Ourense	G32014995	"Adquisición y montaje de cocina en sede".	Non aporta o certificado do secretario/a da asociación, na que conste o seu número de socios/as
7 <b>Asociación histórica cultural rural e veciñal Paradela de Abeleda</b>	Porqueira	G22738397	Equipamento básico local social.	Non aporta o certificado do secretario/a da asociación, na que conste o seu número de socios/as
8 <b>Asoc. vecinos Gruñal - Derrasa</b>	Pereiro de Aguiar	G32260390	Renovación instalación eléctrica e cambio de mobiliario.	Non aporta o certificado do secretario/a da asociación, na que conste o seu número de socios/as
9 <b>Asoc. vecinal de Castelo y Barrio</b>	Rubiá	G32214066	Acondicionamento local social de O Castelo.	Non detalla en que consiste a actividade solicitada

5.2. Por tratarse dunha actividade que incumpre o disposto na base primeira e sexta,, ao non ter encaixe na presente convocatoria:

Nº	SOLICITANTE	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO	MOTIVO
1	<b>Asoc. de gaiteros do Irixo</b>	O Irixo	G32502437	"Inversión inventariable da Asoc. de Gaiteros do Irixo"	Non son subvencionables os gastos para adquisición de

Nº	SOLICITANTE	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO	MOTIVO
					material que non garden relación directa co funcionamento ou mantemento de unha asociación veciñal.

5.3. Por incumprir o disposto na base primeira da convocatoria, presentando orzamento de obra superior a 5.000,00 €:

Nº	SOLICITANTE	CONCELLO	CIF/DNI	PROXECTO
1	Asoc. A Peneda Rexosende,	Vilardevós	G32350753	Acondicionamento depósito.
2	Asoc. cultural y de ocio Asanta Teranga	Vilardevón	G21670070	Acondicionamiento de local para baño accesible.
3	Asoc. de vecinos A Lagoa.	Vilardevós	G32198921	Mellora do teito do depósito de abastecemento de auga
4	AAVV La Touza	Maside	G32112906	"Obras accesos local asociación".

6º) **Conceder**, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

	SOLICITANTE	CIF/DNI	CIF	PROXECTO	Tot. Puntos	CONTÍA CONCEDIDA
1.	Asoc. As Ferreñas	G70801709	A Merca	Acondicionamento local de pilates e material para local social.	19,52	1.743,55 €
2.	Asoc. Comisión de festas Virxe do Carmen de Quintela	G22560031	Quintela de Leirado	Melloras	24,82	2.217,42 €
3.	Asoc. cultural de veciños Santa Olaia de Beiro	G32102451	Ourense	Mampara Separadora.	27,36	2.443,87 €

	SOLICITANTE	CIF/DNI	CIF	PROXECTO	Tot. Puntos	CONTÍA CONCEDIDA
4.	Asoc. cultural e veciñal San Breixo de Pride	G32498453	Xinzo de Limia	Obras de acondicionamento explanada lateral local.	11,70	1.044,84 €
5.	Asoc. de amigos da cultura e do ocio "Aires Nossos"	G32369696	Verín	Adquisición electrodomésticos e menaxe.	21,92	1.567,07 €
6.	Asoc. de MMRR de Arnoia	G32181703	A Arnoia	Estufa de pellets.	33,25	2.969,91 €
7.	Asoc. de MMRR e de consumo Tres de Mayo	G32213704	Laza	Instalación eléctrica.	4,54	193,00 €
8.	Asoc. de MMRR Monterrei	G32368227	Monterrei	Gastos investimento: Arcón conxelador.	6,43	573,92 €
9.	Asoc. de MMRR O Patio de Melo	G32411670	Verín	Mesas e bancos.	5,27	240,00 €
10.	Asoc. de MMRR Os Picotiños	G32303877	Esgos	Equipamento informático.	11,54	699,00 €
11.	Asoc. de vecinos A Granxa	G32111809	Ourense	Mellora da asociación.	9,64	701,00 €
12.	Asoc. de vecinos de Flariz	G32122186	Monterrei	Equipamento.	21,85	1.951,32 €
13.	Asoc. de vecinos de la Parroquia de Cobas	G32117335	Pereiro de Aguiar	Instalación de climatización.	27,04	1.921,18 €
14.	Asoc. de vecinos de los pueblos de la parroquia de Castro de Beiro	G32107310	Ourense	Lavalouzas.	32,13	1.546,00 €
15.	Asoc. de vecinos de San Juan de Enxames	G32151458	Vilardevós	Climatización en local social.	30,53	2.727,12 €
16.	Asoc. de vecinos San Martín de Sobral	G32102378	Coles	Adquisición equipamento local social Sobral.	9,52	807,00 €

	SOLICITANTE	CIF/DNI	CIF	PROXECTO	Tot. Puntos	CONTÍA CONCEDIDA
17.	Asoc. de vecinos Santa Mariña de Entrambosrios.	G32171770	A Merca	"Inversiones y reparaciones".	16,09	1.437,25 €
18.	AAVV Casasoá - San Mamede	G32309684	Xunqueira de Ambía	Mobiliario e obras conservación local.	21,94	1.959,45 €
19.	AAVV da Comunidade da Paroquia de San Xoán de Laza	G32253080	Laza	Equipamento de ofimática.	37,55	1.545,00 €
20.	AAVV de A Parada	G32032112	Barbadás	Mobiliario	17,93	600,00 €
21.	AAVV de Boazo	G32502650	A Teixeira	Mobiliario para equipamento do centro social.	9,27	279,70 €
22.	AAVV de Boeiros	G19739614	Pereiro de Aguiar	Obras de acondicionamento do local social.	54,98	4.911,22 €
23.	AAVV de Penavaqueira	G32118218	Melón	Proxector e pantalla.	4,18	89,00 €
24.	AAVV de Sabuguido	G32460594	Vilariño de Conso	Adquisición equipamento AAVV de Sabuguido.	4,36	315,00 €
25.	AAVV de Vilar de Gomareites	G13841796	Ourense	Mellora de infraestrutura e adquisición de equipamento para o local social "Antiga Reitoral de Gomareite.	25,99	2.321,49 €
26.	AAVV/AS San Vitorio de Arrabaldo	G32327199	Ourense	Mellora equipamento centro social San Vitorio.	18,77	576,49 €
27.	AAVV Laxas	G32031544	Ourense	Canalóns carpa, bomba de calor,	37,17	3.126,00 €

	SOLICITANTE	CIF/DNI	CIF	PROXECTO	Tot. Puntos	CONTÍA CONCEDIDA
				conxelador e toldo lateral carpa.		
28.	AAVV Loureiro	G3222877 7	Ourense	Equipo de son e 8 foles de goretex para 8 gaitas.	19,57	1.404,00 €
29.	AAVV Magosto	G3237582 6	Sandiás	Mellora da iluminación e calefacción do local social.	14,03	1.253,60 €
30.	AAVV Parroquia de Monte	G1972380 8	Ourense	Toldo para cerramento lateral oeste da carpa cuberta anexa o local social.	18,96	1.693,26 €
31.	AAVV San Bartolomé de Penouta	G3248364 6	Viana do Bolo	Fregadeiro, encimeira, armarios, peche escaleira, tv e frigorífico.	20,59	1.839,22 €
32.	AAVV San Bernardo de Tibiás	G1074022 3	Pereiro de Aguiar	Obras e equipamento no local social da asociación.	39,92	3.565,98 €
33.	Asoc. moteira Royaltab	G5639457 0	Taboadela	Mesas e bancos.	4,82	430,28 €
34.	Asoc. MMRR de A Chaira	G1981355 9	Riós	Gastos investimento: Frigorífico.	2,24	170,00 €
35.	Asoc. MMRR O Colibrí	G7554749 7	Monterrei	Cabina para desfibrilador con alarma e Cricut Maker.	4,59	409,92 €
36.	Asoc. MMRR do Outeiro do Forte	G2248506 4	Monterrei	Gastos investimento: Proxector.	3,13	149,00 €

SOLICITANTE	CIF/DNI	CIF	PROXECTO	Tot. Puntos	CONTÍA CONCEDIDA
37. Asoc. vecinal cultural deportiva de Bóveda Amoeiro.	G32024812	Amoeiro	"Armario, ventiladores, calentador, sanitarios, fregadero"	<b>36,56</b>	<b>1.804,51 €</b>
38. Asoc. vecinal cultural y deportiva parroquia Cantoña. S	G32152613	Paderne de Allariz	"Mejoras del local social".	<b>39,11</b>	<b>3.493,44 €</b>
39. Asoc. vecinal, cultural y deportiva San Julián de Figueiroá - Paderne	G32021999	Paderne de Allariz	Equipamento e reforma local AAVV Figueiroá.	<b>56,71</b>	<b>5.065,31 €</b>
40. Asoc. vecinos Santa Ana del Pino	G32148173	Ourense	Mellora equipamento.	<b>26,02</b>	<b>1.726,00 €</b>
41. Asoc. veciñal As Rebordiegos	G56316995	Vilar de Barrio	Necesidades para actividades da asociación.	<b>25,79</b>	<b>2.303,89 €</b>
42. Asoc. veciñal cultural Virxe da Aparecida	G44932176	Muiños	Istalación toldo frontal local social.	<b>23,30</b>	<b>2.081,11 €</b>
43. Asoc. veciñal e cultural A Torre - Paderne de Allariz	G72705858	Paderne de Allariz	Equipamento AAVV A Torre.	<b>11,05</b>	<b>987,32 €</b>
44. Asoc. veciñal e cultural dos pobos de Couto Coutiño e Santigueiro - Canon do Sil	G323947M	Parada de Sil	Acceso a patio exterior e lareira.	<b>29,73</b>	<b>2.655,30 €</b>
45. Asoc. veciñal Gutiérrez Menéndez	G32503971	Celanova	Compra máquina de café	<b>19,75</b>	<b>560,23 €</b>
46. Asoc. veciñal Peliquín Catro Camiños	G32104572	Ourense	Motorización persiana.	<b>22,69</b>	<b>1.464,10 €</b>
47. Asoc. veciñal Quince de Agosto	G32399933	Reza	Aire acondicionado.	<b>26,53</b>	<b>2.178,00 €</b>
48. Asoc. veciñal San Xoán de Moreiras	G44569101	Pereiro de Aguiar	Obras de acondicionamento do local social.	<b>27,83</b>	<b>2.486,03 €</b>

	SOLICITANTE	CIF/DNI	CIF	PROXECTO	Tot. Puntos	CONTÍA CONCEDIDA
49.	Asoc. veciñal San Xoán de Vide	G32212987	Baños de Molgas	Instalación barandilla.	28,41	2.537,57 €
50.	Asoc. veciños A Gurita de Pereira.	G32506842	Entrimo	Mellora accesibilidade e equipamento da AAVV.	53,16	4.748,83 €
51.	Asoc. veciños A Rábeda	G32315046	Taboadela	Melloras varias no recinto da asociación.	58,31	5.208,95 €
52.	Asoc. veciños As Lamas	G32331670	Barbadás	"Mejoras local social As Lamas".	19,46	1.738,01 €
53.	Asoc. veciños As Termas	G32334989	Ourense	Mellora equipamento.	22,07	500,00 €
54.	Asoc. veciños de Chandrexa do Sil	G32415655	Parada de Sil	Mellora equipamento.	7,14	478,00 €
55.	Asoc. veciños da Parroquia de San Miguel de Ramil	G32472904	Xunqueira de Espadañedo	Reparación tejado.	32,85	2.933,91 €
56.	Asoc. veciños de "Rubias"	G32289118	Calvos de Randín	Mobiliario para local social.	15,54	1.387,68 €
57.	Asoc. veciños Santa Comba Baroncelli Vilardebós	G32442840	Vilardevós	Mobiliario / Electrodomésticos.	10,23	913,80 €
58.	Asoc. de vecinos Virgen de Covadonga de Ourense.	G32026148	Ourense	Stores enrollables e máquina de coser	16,93	1.325,95 €
<b>TOTAL</b>					<b>1.282,26</b>	<b>100.000,00 €</b>

7º) **Ampliar o prazo xeral de xustificación** das subvencións concedidas e establecido nas bases da convocatoria, **ata o 30 de novembro de 2025.**

8º) Proceder á **publicación** do pertinente acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense, para coñecemento e efectos oportunos.

**3º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB DE FÚTBOL CENTED ACADEMY,**

**PARA “GASTOS DA TEMPADA 2024/2025”. Importe: 10.000,00 euros. (Expte. 2025/14436B).** - De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de

Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da entidade Club de fútbol Cented Academy, nos seguintes termos:

-**Importe:** 10.000,00 euros.

-**Obxecto:** Gastos de funcionamento, correspondentes á tempada 2024-2025.

-**Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei (modelos C1, C2, C3 dispoñibles na páxina web da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>), á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social. autorizacións sectoriais necesarias.

**Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/gl/servizos/subvencions/documentacion-xeral>**

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe concedido (10.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha

declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable.

**4º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO, PARA “ADQUISICIÓN DE GAITAS PARA ESCOLA DE GAITAS DE CASTRELO DE MIÑO”.**

**Importe: 12.400,00 euros. (Expte. 2025/14489H).** - De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo: Aprobar unha subvención a favor do Concello dos Castrelo de Miño, nos seguintes termos:

**-Obxecto:** Adquisición de gaitas para escola de gaitas de Castrelo de Miño.

**-Importe:** 12.400,00 euros.

**-Xustificación:** A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (12.400,00 euros,) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata 1 de decembro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable.

**5º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE CENLLE, PARA PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS NOS NÚCLEOS DE PAZOS ERMOS E AS CHABOLAS". Importe: 48.000,00 euros. (Expte. 2025/14752M).** - De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello dos Cenlle, nos seguintes termos:

**-Obxecto:** Pavimentación camiños nos núcleos de Pazos ERMOS e As Chabolas.

**-Importe:** 48.000,00 euros.

**-Xustificación:** A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención (48.000,00 euros,) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

